Ano X
Nº 337, 15 ó 29 Abril-90
— 75 pts. —

IRIMIA

REVISTA
QUINCENAL

EN DEFENSA DA NOSA PRODUCCION

Desde Santiago, con ardor

Serían 25, 30, 50 mil labregos. E igual. A precisión dos números non conta neste caso. O que si conta é o feito de que unha boa masa de labregos de toda Galicia, queimados pola loita de prezos á baixa á que os están sometendo os empresarios, e outras lindezas, decidiu abandona-los seus fogares agachados polos doce recantos de Galicia, e pisar pedra e cemento na capital do país, para berra-lo seu descontento, a súa desilusión, a súa desesperanza.

"Prezos xustos para os nosos productos", "Administración, queremos solución", "Mercado común europeo, ruina do pobo galego", "O leite europeo quítano-lo emprego", "Para poder vivir, queremos producir", foron algúns dos lemas que, entre rabia e canción, recollían e expresaban o sentir de moitos miles de labregos decepcionados polo tratamento de que están sendo obxecto por parte de industrias e administración autonómica e central.

Non se sabe se polo de agora haberá moita vontade de escoitar. As rexas paredes da praza da Quintana parecían ser símbolo do poder, xordo a unha situación que lles debe parecer sen importancia. Todo parece indicar que esta masiva concentración promovida e organizada sabiamente polo SINDICATO LABREGO GALEGO-Comisións Labregas é só o comezo dunha loita máis longa, na que a capacidade de organización e de aguante do labrego vai ter moito que dicir.

IRIMIA

i mos facendo memoria:
r ecobrando o ser galego que esquecimos.
i mos sementando patria:
m an con man inxertandoa entre os veciños
i mos facendo outra historia.
a favor dos rebaixados e oprimidos.

EDITA: Empresa periodística A. IRIMIA

DIRECTOR: Victorino Pérez Prieto, 27870 Xove (Lugo) Teléfono 59 20 28

MESA DE REDACCION: Xosé A. Miguelez, Daniel López Muñoz, Alfonso Blanco Torrado, Manolo Regal, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña.

RESPONSABLES E COLABORADORES: Ramón D. Raña Xosé Manuel Carballo, Tereixa Ledo, Xosé Chao, Pauliño Pérez-Mendaña, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Juan Antonio Pinto Antón, Alexandre Martín, Guillermina Mosquera, Eladio Vega, Francisco Carballo, Tintxu, D. Miguel Anxo Araujo, Miguel Suarez Abel.

DISTRIBUE: Mosteiro do Císter, Sobrado dos Monxes (Coruña)

SECRETARIA E ADMINISTRACION: Apdo. 5 Vilalba (Lugo). Telf. 982 - 508178

CONTA na Caixa de Aforros de Galicia, Villalba, n. 04950/0.

SUSCRIPCION por un ano: 1.800 pts. (1990)

DEPOSITO LEGAL C-1417-81

Permitese a reproducción total ou parcial, citando a procedencia.
A imprenta non se fai responsable dos erros cometidos nos artículos.
Impreso en GRAFICAS BAO.- Clérigos, 25 - LUGO.

O TRASNO

Daniel López Muñoz

O tren que saíu da vía

¿Será ese tren perdido o símbolo da "era Fraga"? A cousa ten o seu aquel. Estudiémo-lo proceso:

Primeiro que se Galicia era a única que non axudaba ó pobo de Romenia. (Fase 1ª: Solemne declaración de desastre). Segundo que se o Presidente e o seu goberno reaccionaban prestos coma raios, nunha arroutada reparadora ultrarápida. (Fase 2º: ¡ar!). Despois que o asunto ten que se saber pois non abonda con sermos bos que tamén hai que parecelo na primeira plana dos periódicos. (Fase 3ª: ¡Publíquese!). A seguir hai que poñe-la cousa en marcha, dá-lo enérxico empuxón que precisa, facer funcionar -¡por fin!, je je- ós funcionarios durante x días sen horario (Cuarta fase: ¡Aiii... ouuuuuuuu! ¡ai ou, ai ou, tralalaralalá...!).

E, por fin, botado o tren, feita a foto e demostrada a "eficasia", a cambiar de tema.

O tren de ningures saíu de Galicia con moito impulso e moito efecto, cun cheiro a eficacia simplista e militar da que gosta o persoal votante pero serve pouco para acadar obxectivos.

Na administración autónoma está faltando serenidade, planificación rigurosa, traballo coordenado e en equipo, capacidade de delegación e mecanismos de supervisión e seguemento.

Non abonda con marcarse obxectivos lexítimos, interesantes e populares como no caso do tren mutilado. O difícil está en deseña-las estratexias para conseguilos. Punto por punto. Estación por estación. Non chega unha gran cabeza que diga onde hai que ir. E necesaria pero non suficiente. Cómpre un bo equipo técnico para guia-lo tren e que chegue enteiro.

E se a cousa falla non vale o vello truque de botarlle a culpa ós xitanos, ainda que se trate de xitanos romenios.

ANAINAS

12 cantigas de berce

Joaquín María García de Dios

Letra e música, coa colaboración de Marica Campo

XAQUÍN MARÍN

Manolo Regal/Ramón Raña

Pascua de Resurrección

Cando unha luz abre camiños na mourenza da nosa vida ou da sociedade, é PASCUA

Moitas veces oímos e empregámo-las palabras sen adiviñar moito o senso que as tales palabras poden ter na nosa experiencia de vida. ¿Quen non ten oido ou dito a palabra Pascua, *ou a palabra* Resurrección*?. Pero, ¿teñen algo que nos dicir no noso vivir cristián?*

Dicir Pascua *é tanto coma dicir "paso" ou "salto" da morte á vida, da escravitude á liberación. A* Pascua de Resurrección *de Xesús -a que nós, os cristiáns, recordamos nestes días- fálanos do "paso" que en Xesús se deu desde os abismos da morte "matada" ata ós lindeiros da vida novidosa e gratuita de Deus. Esto pode parecer un xogo de palabras artificial, pero na vida de Xesús non foi nada artificial, senón algo ben real, claro, crucificante e alentador.*

Na vida dos cristiáns a Pascua pódese dar en diferentes niveis. Cando desde a escravitude do pecado persoal pasamos *á liberdade da xustiza, hai Pascua dentro de nós. Cando das escravitudes dos abusos e desprecios que nos causan os grandes* pasamos *a formas de vida onde se respeten máis os dereitos e vida dos grupos débiles da sociedade, hai Pascua dentro dos nosos pobos. No conflicto do leite que hoxe estamos vivindo en Galicia, pode haber un* paso *da marxinación á xustiza, que produciría unha Pascua no medio do mundo rural.*

Nunca hai colleita sen sementeira. Nunca hai Pascua sen cruz. Pero no cerne do sufrimento liberador fai o niño a alegría máis limpa e duradoira, a alegría da Pascua.

PALABRAS DE IGREXA

A alegría da Pascua

"(...) Se a isto se suma a represión que abura en América Latina, e que tende a se converter en cousa de cada día, temos un cadro marcado pola dor e pola morte. E, o que é aínda peor: feito por man inxusta e corazón avaro.

Pero os que teñen esta penosa experiencia saben tamén que algo novo xeremola nese universo de inmerecidas aflicciónns: a conciencia dun pobo que se expresa nas súas organizacións de pobres e na súa vivencia dunha fe liberadora. Cousa que leva a moitos a da-la súa vida en loita contra a morte. E daí a nota de esperanza que ese pobo comeza a vivir na alegría. Porque o que se opón á alegría é a tristura, non o sufrimento. Unha alegría non fácil, pero real. Non é o gozo superficial da inconsciencia ou da resignación, senón a alegría que nace do convencemento de que o asoballo e o sufrimento inxusto serán vencidos. Trátase dunha alegría pascual que corresponde a un tempo de martirio.

O pobo pobre e crente nunca perdeu a súa aptitude de festexar, de celebrar, a pesar das súas duras condicións de vida. Pero agora esa capacidade mantense desta esperanza. O resultado disto, nos grupos cristiáns máis comprometidos co sufrimento dos pobres e asoballados, é a profundización do que significa vivi-la mensaxe pascual".

(G. Gutiérrez, en *"Beber en su propio pozo"*, Sígueme, Salamanca, 1984, 149).

REMOENDO O EVANXEO

Felices Páscoas

(Dom. de Resurrección).

"¿Por que buscades entre os mortos a quen está vivo'? Non está aquí; resucitou". (Lc. 24, 5-5).

O morrer deixamos tras de nós un cadáver.

O mesmo que fai a crisálida e a volvoreta. A morte -así o cremos- é apertura a novas realidades. A resurrección responde a unha arela profunda e ontolóxica do home que lle está empuxando sempre a algo máis, a un poder-ser, a un futuro. Por iso nos aleda recordar: "En Cristo brilla a esperanza da nosa feliz resurrección. A vida dos que en Tí, cremos, Señor, non remata; senon que se transforma".

A vida dos primeiros cristiáns

(2º Dom. de Páscoa)

"Os irmáns eran perseverantes en escoita-la ensinanza dos apóstolos, na comuñón da vida, no rito de partiren o pan, e nas oracións.

· Apoderouse de todos o respeto, pois os apóstolos facían moitas marabillas e sinais. Tódolos crentes vivían unidos e tiñan todo en común: vendían os seus bens e propiedades, e repartíanas entre eles, conforme ás necesidades de cada un. Todos a unha asistían diariamente ó templo, partían o pan nas casas, comendo con alegría e sinxeleza de corazón; louvaban a Deus, e eran ben vistos por todo o pobo". (Ft. 2,41 - 47).

Alfonso Blanco Torrado

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO CELEBRA ELECCIONS o vintecinco de abril nun ambiente de expectativas ante a nova situación creada coa implantación doutras duas universidades en Galicia. Algunha candidatura, como a nacionalista están a buscar unhos centros de ensino máis enraizados no país, e unha investigación a partires da nosa realidade.

---

22 de Abril: CONCENTRACION DOS LABREGOS, esixindo a recolleita de todo o leite, poder cobrar puntualmente e tamén a reivindicación dunhas industrias propias de producción e comercialización dos nosos productos, antes de ser estrangulados polas multinacionais. En tres meses o precio do leite baixou cinco pesetas, e a desfeita aínda non queda aí...

Día del Amor Fraterno.

CARITAS volta a carga neste Xoves Santo, día do Amor Fraterno, para que dunha vez aprendamos a compartir. Xa sabemos, unhos dez millóns de pobres (xubilados, parados, marxinados...) neste Estado, e corenta e catro millóns na CEE..., mandan ó traste ó tan cacareado "estado do benestar". hai que abanealas conciencias sí non queremos que aconteza o peor. Non é todo culpa dos que mandan.

OS OUTROS FEIRANTES é unha obra de Cunqueiro que ven de ser rodada pola Televisión de Galicia para ser estrenada na Festa das Letras Galegas. Seis capítulos nos que traballan a meirande parte dos actores galegos, aínda que non sabemos a razón pola que os principais persoaxes tiveron que vir de fora, ás veces lonxe do humor e a ironía característicos do noso xeito galego.

Diccionario Escolar Galego

NOVIDADE

Normativo, útil.
Feito para estudiantes de E.X.B. e B.U.P.
Unha nova aportación de Galaxia.

galaxia

P.V.P. 995

CARACTERÍSTICAS

- Galego-Galego
- 16.000 entradas
- 560 páxinas
- Láminas ilustradas
- Mapas
- Apéndice ortográfico e gramatical

PÍDEO POLO SEU NOME: DICCIONARIO ESCOLAR GALAXIA

A NOSA PESCA A DERIVA, despois do portazo de Namibia. Temos que ter en conta que a nosa pesca depende dos caladeiros de fóra: dous de cada tres kilos de peixe desembarcado nos nosos portos procede de fóra. Os barcos conxeladores viron reducido o seu medio: nas Malvinas, nos Estados Unidos, en Suráfrica, no Canadá, etc. etc. Non só non se buscan caladoiros alternativos, se non que tanto o Goberno de Madrid como a Xunta pasan de todo. En Namibia capturábanse ó ano máis de cento setenta mil toneladas de merluza sen contar outras especies, e esta expulsión afecta a case douscentos barcos, seis mil setecentos tripulantes e cincoenta e dous mil empregados indirectos: conserveiras, empregados de portos, etc.

oOoOo

FOISENOS, DON RICARDO. A morte do profesor Carballo Calero foi unha grande perda para Galicia, e eu quixera salientar aquí a súa talla humana, sen deixarse manipular por ninguén; lonxe das esferas do poder. Nos derradeiros anos da súa vida, só era fiel ó espírito da nosa terra: a nosa lingua e cultura, por iso as institucións culturais de base atoparon sempre nel ó meirande defensor. Despois da Xeración Nos, foi o xenio creador máis importante das últimas décadas.

oOoOo



O RAMADAN musulmán é o mes sagrado de case a quinta parte da poboación mundial (a maioría natural en máis de trinta países), que escomenzóu o vintesete de marzo. E tempo de xexún, aínda que a súa vivencia é distinta segundo os países: absterse de comer e beber, de manter relacións sexuais, de fumar, etc. durante a luz do día, xa de noite, moitas cidades e aldeas vístense de festa.

O COLECTIVO LANDROVER preocupado polo artellamento cultural e social de Galicia organiza estos encontros para dar a coñecer toda-las experiencias que están xurdindo en Galicia para recupera-la nosa memoria histórica desde o concello, a parroquia, a vila, etc. Estudia-los tratamentos seguidos polos distintos colectivos, e avalia-las experiencias é un dos obxectivos desta xuntanza, que promete ser moi proveitosa para a nosa cultura e sociedade.

¿QUEN SOMOS?

1.os ENCONTROS SOBRE A RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA LOCAL

Moaña, 22, 23 e 24 de Xuño de 1990

oOoOo

A FALLA DUNHA ETICA, de solidariedade é cada vez máis patente na nosa sociedade: nun colexio de Málaga quedóu soa unha neniña que padecía anticorpos do Sida, e houbo unha espantada total dos compañeiros. Moitos veciños organízanse contra a creación de centros penitenciarios, protección de menores, rehabilitación de drogadictos, etc, como se dun andacio se tratase; quizáis haxa que facer campañas fortes contra esa enfermidade da insensibilidade que está minando a nosa sociedade.

oOoOo

OS MONITORES E A SUA FORMACION é o obxectivo dunha xuntanza aberta a tóda-las asociacións, e convocada polo Consello da Xuventude de Galicia, para o vindeiro sabado, día 21 de abril (Instituto Xelmírez I, Campus Universitario de Compostela, ás once horas).

Consello da Xuventude de Galicia
República de El Salvador, 1-2.° esq.
Teléfono (981) 562805 - Fax: (981) 563488
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

oOoOo



A VII SEMANA GALEGA DE FILOSOFIA xira nesta ocasión arredor da Ecoloxía, coa participación de grandes pensadores e técnicos, e con aterrizaxes moi puntuais sobre o problema do medio ambiente en Galicia. Salienta-la presencia de Roger Garaudy, Toni Negri, López-Suevos e outros. Pontevedra do dezaseis ó vinte de abril.

A miña experiencia coa Igrexa

Francisco Carballo

Poucos libros están a ser acollidos con máis atención e interese que as conversas con BERNHARD HAERING, "*A miña experiencia coa Igrexa*" de G. Licheri. As edicións en varias línguas sucédense vertixinosamente.

HAERING, o moralista católico máis renovador deste século, foi tamén atrapado pola rede das desconfianzas dos sectores integristas da Igrexa, incrustados na Congregación da Doutrina da Fe ou na curia vaticana. A valentía coa que Haering afrontou o seu proceso e a victoria contra os obtusos doutrinarios do integrismo agachados nas institucións curiais, amosan un coraxe admirable. Haering na súa ancianidade dános unha lección de intrepidez e de confianza na fe e no seguimento honesto da busca da verdade.

A súa primeira obra relevante "A lei de Cristo" é dos anos 50, pero non se divulgou entre nós ata despois do Vaticano II. Haering participou como teólogo no Vaticano II. Logo foi consultado na elaboración da "Humanae Vitae" de Paulo VI. A súa critica a este documento iniciou o enfrontamento cos grupos conservadores. Unha experiencia cruel que terminou no gozo. El explicao así:

"Foi unha experiencia cargada de sufrimento. O proceso ante a CDF iniciouse en 1975 e concluiu en 1979. Inmediatamente despois surxiron dificultades coa Congregación para a educación católica. Foron oito anos de auténticas tribulacións para min, que coincidiron coa violenta aparición dun cancro de gorxa que me obrigou a sete intervencións quirúrxicas, seguidas de terapia de cobalto e outras curas arriscadas.

Sen embargo, desde outro punto de vista, estes foron os anos máis fecundos: puiden concluir a miña principal obra, *Liberdade e fidelidade en Cristo,* e tiven a oportunidade de poder sufrir pola Igrexa. Porque quen non sofre coa Igrexa, pola Igrexa e para a Igrexa, nunca poderá dicir unha palabra eficaz. Lembro os grandes teólogos do pasado: Santo Tomás, San Alfonso, Rosmini, Newmann, Rahner, De Lubac, e tantos outros. E miro cara á nova xeración, convencido que saberá segui-lo seu exemplo" (p. 66).

Nas conversas con Licheri, Haering y explica cómo se decidiu a dar a luz os documentos do seu proceso e a falar claramente doutros casos parecidos con teólogos de sumo prestixio e ortodoxia. Eis dous párrafos dignos de reter na memoria: "Se o ensino do maxisterio se converte nun grito de guerra de homes intransixentes... non se fai un bo servicio á Igrexa".

"Amo á Igrexa porque Cristo a ama ata nos seus elementos máis externos. Amoa tal cal é, porque tamén Cristo me ama con toda a miña imperfección".

O CAMPO

O eucalipto renace axiña das súas propias

A "industria dos incendios forestais"

Os incendios forestais débense a incidencias ou motivacións moi diversas, que trataremos de relacionar e clasificar, pero tendo en conta que unha alta porcentaxe dos sinistros máis catastróficos son provocados intencionadamente, cómpre saber por que e para que, facendo especial fincapé naqueles que obedecen a motivos económico especulativos, que son os que poñen a nota máis tráxica no panorama actual; son o valor engadido do lume con respecto ó pasado, xunto con certo estado de abandono de moitos montes e os cambios climáticos favorables ó lume.

Períodos prolongados de intensa seca, e sobre todo, o feito de que os montes estean cargados de maleza, sen que, as máis das veces, se limpen nin sequera os cortalumes que hai nin os lindes e as marxes dos vieiros, inciden moito na facilidade de que o lume prenda e se propague con máis intensidade e magnitude, facéndoo moito máis difícil de atallar e apagar.

A maleza actual dos montes ten tres motivacións fundamentais: Cambio no sistema de manexo nas explotacións (xa non se roza o monte, como era costume, para estra-las cortes, esterca-las leiras ou quenta-lo forno); retirada do gando de moitos montes; e a certo estado de abandono dunha extensa superficie forestal, motivado polo absentismo, o envellecemento da poboación rural, carencia de infraestructura axeitada, falla de medios e alto custo dos traballos de silvicultura, e circunstancias negativas disuasorias como a do propio lume, a baixa rendibilidade relativa deses montes, e a desorientación da política forestal que se estivo e se está a facer.

Partindo da base de que unha alta porcentaxe dos incendios son intencionados, haberá que considerar a quen lle pode interesar que arda o monte e a quen lle interesa que haxa incendios ou que arda moito monte.

Causas fortuitas

Aquelas nas que non intervén para nada o ser humano, ou a súa intervención é tan indirecta e lonxana que non se pode considerar: incendios

As coordenadas do lume (II)

cinzas

xerados por lóstregos ou por un vidro tirado ó chan que pode face-lo efecto dunha lupa, concentrando enerxía do sol, e prender lume. Crese que se producen moi poucos incendios por motivos deste tipo.

Provocados pola acción humana pero de maneira accidental e involuntaria

— Neglixencias, imprudencias e descoidos nas queimas de marxes e residuos, sen a preparación e o control adecuados.

— Imprudencias ó acender lume, para usos diversos, en tempo e lugar inadecuado, e abandonalo sen apagar e controlar debidamente.

— Tira-la "colilla" descoidadamente e outras imprudencias diversas co lume.

Intencionados por motivos que podemos considerar antigos ou tradicionais

— Favorece-la rexeración de pastos.

— Facer fuxi-la caza e as alimañas.

— Limpar ou elimina-lo mato do monte.

— Algún tolo, irresponsable ou pirómano sen máis.

— Diversos tipos de desavenencias e enfrontamentos pola posesión e aproveitamento dos montes, públicos e privados. Danse maiormente en zonas tradicionais de pastoreo.

Non resulta arriscado considerar que ós que provocan este tipo de incendios, débelle ocurrir con frecuencia que o lume se escape moito máis alá do que era a súa intencionalidade inicial.

Nembargante, cómpre considerar aquí que o papel histórico dos montes vén sendo o seu aproveitamento, libre ou organizado e controlado polas propias comunidades veciñais, dos pastos, recursos forestais, esquilmos, leñas, caza, e cultivos temporais; complementos da explotación gandeira e agrícola. A nefasta política forestal do pasado recente alterou moitas veces, negativamente, esta orde de cousas, provocando revanchismo e vinganzas que contribuíron á queima de moitos montes. A falla de máis iniciativas e accións positivas da política actual, non incentiva suficientemente a mellora e recuperación dos montes.

Intencionados para favorece-la "industria dos incendios forestais".

Son os máis desastrosos nos montes arbolados. Estudiados e dirixidos a queimar aquelo que convén. Causantes da gran diferencia entre o panorama tradicional dos incendios nos montes e o desastre económico-ecolóxico actual. A "industria do lume" funciona para:

— Fomentar e xeraliza-lo uso de diversos medios mecánicos e equipamentos de loita directa, e conseguir contratos de traballo ventaxosos. Referímonos exclusivamente ós contratos temporeiros e coxunturais.

Con isto preténdese obter, desde importantes ingresos ata modestos xornais, segundo os casos, por un lado, loitando ou finxindo que se loita contra o lume, e por outro na recuperación posterior de superficies queimadas. Sitúanse aquí dende a multinacional industria e comercio dos hidroavións ata o modesto xornaleiro do pobo cercano que despois cobra por volver a arranxar e repoboa-lo monte, pasando por toda a gama do equipamento mecánico e humano, temporeiro e coxuntural, intermedio.

— Modifica-lo uso do solo, converténdoo en urbanizable. Danse en áreas concretas próximas a cidades ou vilas importantes.

— Depreciación da madeira.- Intereses en relación coa comercialización da madeira. Quéimase o monte do propietario que non quere vende-la madeira a baixo prezo, ou simplemente para forza-la venda.

— Intereses industriais coxunturais. Cando cómpre rebaixa-lo prezo da madeira, creáse un considerable excedente de madeira queimada, que permita atende-las necesidades das industrias de trituración, en masas desordenadas, que non poderían producir madeira de calidade, eliminando de tal xeito a competencia destas industrias na compra de madeira de serra.

— Intereses industriais extratéxicos. Queima de grandes extensións co fin de implata-lo eucalipto ou conseguir dalgún xeito o control de áreas importantes.

— Depreciación das repoboacións tradicionais e do solo forestal, para provocar cambios de actitude nos propietarios, facendo que cunda o desánimo e o abandono, a favor de determinados intereses, sen reparar nos medios.

— ¿Posibles concepcións extremas e reaccionarias contra repoboacións consideradas inadecuadas, e para crear malestar social e político? Tamén pode ser. Os incendios, por desgracia, aí están.

— Dise que tamén os delincuentes para distraer á Policía e á Garda Civil. Este posible motivo, unha vez coñecido, desbótase de seu, xa que o que nun principio puido ser un medio de distracción e encubrimento, pasa a ser, nin máis nin menos, que un sinal de aviso.

Algunhas conclusións

Se as inquedanzas fundamentais dos responsables da política en relación cos incendios forestais se basan en preparárense para loitar directamente contra o lume, terá de ser a partir do supuesto de que haberá abondo lume.

Dispoñerse a investir moitos cartos en pertrecharse con equipamentos variados, de choque e de loita directa, equivale a dar por feito que haberá moito contra que loitar, é favorece-lo emprego daqueles medios que precisan do lume para actuar.

Neste aspecto, a política forestal actual é suicida, tendendo a axudar a que haxa máis incendios. Pódese dicir que se está soplando ou atizando o lume. Non se debe seguir caendo na trampa dramática de querer loitar contra o lume con "abundantes medios de choque".

Mentres haxa suculentos presupostos para a loita directa contra os incendios e as súas consecuencias inmediatas, haberá incendios. Para valora-la relativa inutilidade deste tipo de loita pénsase que, nas condicións xeralizadas actuais, un só incendiario, que se desplace por toda Galicia, provisto dun chisqueiro ou de tres ou catro caixas de mistos pode loitar con notable ventaxa, contra tódolos medios de choque disponibles no conxunto das Administracións Públicas da Comunidade.

En todo caso, o peor aínda é maxinar que, entre os que fabrican, venden, usan e aportan determinados e variados medios, hai, cando menos, sospeitosos de provoca-los incendios para despois poderen cobra-los cartos.

As solucións virán polo tanto a través de investimentos positivos de rexeneración, reestructuración e coidado dos montes; medidas disuasorias e equipamentos para realizar traballos, vixilancia e loita preventiva en xeral. Para a loita directa, o equipamento mínimo necesario, e a organización que permita a eficacia máxima posible.

Colectivo A Rella

O CONGRESO DA VIDA RELIXIOSA
Un paso histórico na sensibilización dos relixiosos de Galicia

Historia, senso e plan do Congreso

Eu, non sei se por ser aínda novo, nunca vira tanta monxa e frade xuntos, porque chegabamos a 600 no salón de actos da Salle. Era o pasado 16 de marzo. As 8 do serán tomaba a palabra o señor bispo auxiliar de Santiago para nos dicir, que era un grande acerto o lema do Congreso de Vida Relixiosa que iamos celebrar: "Relixiosos hoxe en Galicia hoxe" porque ninguén é cristián nen relixioso "en abstracto", todos somos cristiáns e relixiosos nunha situación concreta, nun momento histórico concreto, nun pobo concreto. Por iso era moi importante que pensaramos que significa ser relixioso na Galicia dos 90. Era un bó comezo. Logo tomou a palabra Pilar Wirtz, presidenta de Confer Galicia, facendo un pouco de historia de como xurdira a idea da celebración deste Congreso.

Tamén nos contou Pilar cal ía se-la estructuración do Congreso:

— **Relixiosos hoxe** (ponencias teolóxicas sobre a Vida Relixiosa)

— **En Galicia hoxe** (ponencias sociolóxicas sobre a realidade galega)

A estes dous grandes bloques engadíase un espacio de traballo por talleres (Evanxelización, educación, increncia, mundo rural, marxinación...) espacios de comunicación de experiencias, espacios para a celebración festiva da nosa fe, queimadas e bailes nocturnos...

Para estar cos máis pobres

Despois de Pilar falou, Carme, unha xove relixiosa que introducía a presentación da Vida Relixiosa en Galicia: nunha árbore común cada Congregación colgou unha folliña contando antes un pouco da historia do seu carisma. Aí estaba toda-la riqueza da vida Relixiosa en Galicia e tódalas folliñas converxían nunha mesma historia: "nacimos para estar cos máis pobres, cos máis necesitados".

O venres rematou con queimada.

Vivir ó aire de Xesús en galego

O sábado ás 9 da mañá "invadímo-lo" Convento do Carme para rezar xuntos os Laudes, que en galego soaban moi ben.

E ás 10, xa de novo na Salle, a primeira ponencia: "A Vida Relixiosa sacramento e profecía do Reino" por José A. García, director de "Sal Terrae".

José Antonio falaba de que nunha cultura que ten o perigo de esquence-los auténticos valores do Reino a Vida Relixiosa debe de se converter nunha herexía cultural que amosa que hai outra maneira de vivir, vivir ó aire de Xesús, desde a doación, a gratuidade, a encarnación nas realidades máis inxustas...

As 12 segunda ponencia: "Evanxelización en e desde a Vida Relixiosa" por Carmen Cervera, relixiosa do sagrado corazón. Tratábase de escomezar a baixar desde os grandes principios teolóxicos ás consecuencias: esixencias da encarnación, da inculturación.

Un libro para rezar en galego

Cáseque rematando a mañá tocouno-lo turno ós relixiosos-as xoves que iamos presenta-lo libro que con tanto, cariño levabamos máis dun ano preparando: "Oración da comunidade cristiá". Era a nosa homenaxe ós necesitados e pobres de Galicia que souberon, a pesar de tódolos atrancos e de tódolos desprezos, manter viva unha cultura, unha lingua... O libro é un adianto provisional do que no futuro queremos que sexa o Diurnal en galego de xeito que contribuamos á normalización da liturxia no noso idioma e que, ó mesmo tempo, sexa un signo de que verdadeiramente aceptámolo reto de ser "relixiosos hoxe en Galicia hoxe". Temos que lle agraceder á Caixa Galicia o patrocinio da edición deste libro.

Ferro, pero con humor

As 4 da tarde esperabamos a terceira ponencia "Galegos e cristiáns ¿cómo somos?" con Xesús Ferro que fixo un repaso rápido pero ben agudo pola historia de Galicia e pola realidade ambigua que hoxe temos entre mans. A súa grande teima era que unha mensaxe liberadora coma a cristiá non estea producindo os debidos efectos no pobo galego por confundirmonos os cristiáns na "metodoloxía". Era unha invitación a que os relixiosos pensaramos se estamos acertando na maneira de estar evanxelicamente co noso pobo non vaia ser que a maneira concreta de estarmos estropee a verdade da mensaxe.

A Xesús Ferro seguiuno o humorista gráfico Siro López: "Impactos da cultura actual en Galicia". Siro centrou a súa exposición no perigo de estarmos culturalmente "colonizados" e que deste xeito se perdan as tradicións que artellaron Galicia. Non se trata de rexeita-los novos vieiros culturais senón de impedir que no nome deles desaparezan as tradicións e a "idiosincrasia" de cada pobo.

Despois de Siro fómonos a traballar por talleres e ás 10,30 da noite atopámonos todos de novo para rir, xogar, cantar e bailar xuntos. Foi unha noite de festa grande onde todos nos fixemos un pouco nenos como pide o Evanxeo.

Experiencias e perspectivas

O domingo comezabamos cunha mesa redonda onde relixiosos que traballan en diversos eidos empuxaron a súa experiencia e os retos que lles presenta como relixiosos o traballo neses campos.

Despois foron os relixiosos xoves os que contaron un pouco como ven eles que se ten que artellar unha vida relixiosa en Galicia e para Galicia, insistindo na necesidade dunha inculturación real e no achegamento a sectores e mundos onde a Vida Relixiosa galega está pouco presente: mundo rural, eidos de marxinación, etc.

Despois dun desexado descanso tomou a palabra Salvador, prior de Sobrado, quen presentaba os principios teolóxicos que deberían fundamenta-lo proxecto de vida relixiosa para Galicia.

Salvador insistiu no feito que diante das posibles idolatrías ás que a vida relixiosa está tentada hai que facer un grande esforzo por atoparse co Deus de Xesús, descubri-lo rostro do Deus de Xesús e vivir desde a experiencia dese descubrimento.

No campo das concrecións

Pola tarde foi Pilar Wirtz quen tomou a palabra para concreta-los principios da mañá.

Os 3 pasos a dar de cara ás actuacións serían os seguintes: ser signos significativos de talante profético na Igrexa, inculturármonos no pobo concreto (Galicia), e vivir cunha visible comunión intercongregacional.

Algunhas actuacións concretas destos 3 pasos son: Impulsa-la formación teolóxica, facilitar material axeitado para rezar na lingua do pobo, promove-la análise crítica da realidade, abrirnos a outros grupos de Igrexa, impulsar novas presencias na marxinación, apoia-lo proceso de liberación da muller, promover iniciativas que impulsen a inculturación da Igrexa en Galicia... Esta é a historia dun denso Congreso que significa un paso histórico na sensibilización dos relixiosos de Galicia coa realidade deste pobo. Unha sensibilización que xurde dun principio ben coñecido para os lectores de IRIMIA: a fidelidade ó Evanxeo de Xesús conleva en Galicia a fidelidade ó pobo galego traballando en favor do mellor que o noso pobo ten: a súa cultura, a súa lingua, os seus valores tradicionais... no fondo, a súa sede do Evanxeo da liberación.

Xabier - Relixioso Salesiano

"Mentres canten os meniños Galicia será inmorrente"

O canto é coma a fala. E unha maneira máis de expresa-lo que sentimos. Por eso todo o que axude a favorece-la fala e o canto ten para nós tanta importancia; a mesma importancia que lle damos á persoa, xa que o que constitúe á persoa é a relación e a comunicación cos demais. E relacionarse cos demais é poder contar ós outros o que somos e sentimos, contarlles cómo vemos o mundo e cómo nos situamos nel... O medio normal de que dispoñemos para todo esto é a fala e, unido con ela, o canto.

Sentimos pena e tristeza ó atopármonos cunha persoa muda. A mesma pena nos dá cando vemos que os pobos poden quedar mudos, sen fala de seu para expresa-los seus propios sentimentos e viven dependendo da fala dos doutros e dos cantos de fóra. Se esto chega a suceder algún día, ese pobo morreu como tal pobo. O quedar sen fala e sen canto firmou a súa defunción. Daquela perdeu o máis grande que tiña: os medios de que dispoñía para manifesta-los seus sentimentos. Desa maneira perdeuse a sí mesmo.

Por que Cantareliña

Cando nos decidimos a organizar este certame, foi por algo. Non nos move nin razón política nin razón económica. Moveunos o descubri-la importancia da fala e do canto como medios insustituibles para expresa-los sentimentos persoais e colectivos. O mesmo tempo descubrimo-la falta de cantos galegos axeitados para os nenos. Sabemos que o neno ó abrirse ó mundo ten necesidade de falar de cantar. Será un neno mudo e tarado se non pode expresar con normalidade o que sinte e o que vive.

Pero, ademais, soñamos en que "Cantareliña" chegue a se-la gran festa dos nenos galegos, que os nenos pasen un día de festa xuntos, falando galego e cantando en galego, sentíndose formar parte dun pobo que ten unha maneira común de expresa-los seus sentimentos e unha maneira común de mira-la vida e de estar neste mundo.

Soñamos en que os que sinten ferver nas súas veas sangue galego, e, sobre todo, os que teñen medios e poder para que a Galicia do futuro -os nenos de hoxe- viva sen traumas e sen complexos o seu ser de pobo galego, aporten o seu grao de area. Non teriamos perdón se así non o fixeramos.

SARAIBAS

Delegacións

OURENSE
Xosé Luis Vilela e Adela Castro.
32004 Valle Inclán, 40 - 4º A
Telf. (988) 230493

LUGO
José Yáñez Basanta
27003 - Hermanos Carro, 34-3º Esda.
Telf. (982) 225556

PONTEVEDRA
Hermelinda Dapena
Telf. (986) 858809

CORUÑA
Antón Vilasó. Librería "NOS"
15005 Praza do Libro, 1
Telf. (981) 263854

Portada dun dos seis discos e casetes que xa saíron con cancións de Cantareliña

Bases e realización

1.- As cancións terán que ser inéditas na música e na letra.
2.- Deberán ser de corte infantil e interpretadas por nenos que nacesen a partir do primeiro de xaneiro do setenta e oito. Os cantores non poderán ser nin menos de dous, nin máis de dez. Os acompañantes na parte instrumental tampouco poderán ser máis de dez.
3.- Premiarase o conxunto de letra-música-interpretación.
4.- *Ata o quince de maio poderán inscribirse os que queiran participar. A inscripción farase en calquera das delegacións de CANTARELIÑA.*
5.- Actuarán no día e no lugar onde se lles asigne.
6.- O mesmo grupo pode presentar, se quere, dúas cancións. Ningún cantor poderá actuar en dous grupos diferentes.
7.- O xurado que seleccione as dez cancións será nomeado polos organizadores, así como o que clasifique as finalistas no festival final.
8.- O Grupo SARAIBAS, organizador deste certame, resérvase o dereito de gravación das dez cancións finalistas; como tamén o dereito de interpretación das anteriores BASES:.
— Celebrarase un *festival* en cada unha das provincias galegas durante os *meses de maio e xuño.*
— De tóda-las cancións presentadas serán *seleccionadas 10 para participar na final* a celebrar en San Sadurniño (Coruña) o día *30 de xuño.*
— Haberá unha *delegación de CANTARELIÑA* en cada Provincia á que deben dirixirse os que queiran participar.
— Aquelas zonas de influencia galega (Norde de Portugal, Oeste de Asturias e Bierzo) e os Centros Culturais Galegos radicados fora de Galicia tamén poden participar na CANTARELIÑA.
— Grabarase o *oitavo disco de CANTARELIÑA* coas dez cancións seleccionadas para a final.
— Haberá *5 premios de cen mil pesetas* para cada unha das cinco cancións mellor clasificadas na final; e outros *cinco de corenta mil pesetas* para as cinco restantes.

Decálogo dos comenencias

I Amará-lo teu sobre de tóda-las cousas e non deixarás que se che vaia da man ningunha delas.

II Amarás ó teu pai e maila túa nai e reservarás praza para eles, con tempo, nunha residencia da "terceira idade".

III Santificara-lo teu posto de traballo e farás horas extraordinarias para dar exemplo de laboriosidade ós que están no paro sen dar puntada.

IV Non roubarás con violencia ou escándalo senón polos procedementos homologados e segundo ordenan os códigos mercantís e os bos costumes.

V Non matarás persoalmente, agás no caso de estar facultado para elo por un uniforme regulamentario.

VI Non fornicarás cos maridos ou esposas dos teus superiores xerárquicos sen contar antes co beneplácito previo dos seus respectivos cónxuxes.

VII Non mentirás sen necesidade senón en defensa dos teus lexítimos intereses.

VIII Non tomarás en van o nome da túa empresa nin erguerás falsos testemuños contra dos empresarios que che dan a gaña-lo pan agás que sexas funcionario da administración pública. Neste caso farás sempre corpo coas opinións dos compañeiros.

IX Non cavilarás en pensamentos impuros en horas de traballo

X Non cobizarás os bés alleos ata o punto de descoida-los propios.

Estes mandamentos resúmense en dous:

TI Ó TEU, E OS DEMAIS, QUE SE APAÑEN

Familia

¡Atentos ó teléfono!

O teléfono subíu de precio, mais non só cambiou o precio de cada paso senón tamén os horarios das diferentes tarifas. Xa todos sabemos que non é igual chamar pola mañá, tarde, noite ou en días festivos.

Desde o 20 de marzo do 90 os horarios modifícanse en detrimento do peto do usuario.

TARIFA C (a máis cara)

Antes: días laborais de 8 a 14 horas
Agora: días laborais de 8 a 17 horas

sábados de 8 a 14 horas

TARIFA A

Antes: días laborais de 14 a 21 horas
Agora: días laborais de 17 a 22 horas

TARIFA B

Antes: domingos, días festivos, sábados a partir das 14 horas e días laborais de 21 horas a 8 horas do día seguinte.

Agora: domingos, días festivos, sábados a partir das 14 horas e días laborais de 22 horas a 8 horas do día seguinte.

TV

A coniña e o caralliño

Pensa moita xente que as nenas, os nenos, non teñen sexo. E como non teñen sexo, pois non fai falla falar de sexo. Iso... mellor deixalo. Ou iso.... sonche cochinadas. Ou, deixa, cando medre xa aprenderá. ¡Pois claro que aprenderá!.

Aprenderá moitas veces tonterías ou barbaridades.

Non falamos de sexo cos rapaces porque non temos as cousas moi claras, porque iso é cousa da muller, porque a min dáme vergoña.

E mira ti que é ben triste que, ás veces, o que aprenden os nosos fillos son medias verdades, chistes verdes, insinuacións...

Pois ben, "Hablemos de sexo" é un programa de televisión que trata do tema sexual. Non sería mala cousa ve-lo programa cos fillos e falar logo do que alí aparece.

O feito de que a conductora do programa sexa unha doctora, rodeada por outros médicos semella que o sexo vaise tratar como se fose unha enfermidade. Tampouco é iso: as enfermidades sexuais son enfermidades. O sexo é algo moito máis limpo e profundo.

Por iso dá vergoña ve-la inmensa ignorancia que aparece nas enquisas feitas polo programa.

No primeiro programa houbo persoas invitadas que planteaban se o programa poden velo os nenos. Pero, ¿será posible?. ¡Xustamente son eles os máis indicados para recibir este tipo de información sexual!.

Deixémo-la ignorancia, a escuridade sexual para os cavernícolas: unha adolescente embarazada non é unha desgracia; é unha irresponsabilidade tamén de pais e educadores.

Media hora cada semana non é moito, pero abonda para empezar.

"HABLEMOS DE SEXO" TVE-1 luns, 22,40.

Saúde

¿Que se pode facer para quita-las verrugas?

Cortar un anaquiño de limón, pel e pulpa, do tamaño da verruga. Pola banda da pel, poñerémo-lo limón sobre do lume ata que escomece a ferve-la pulpa. Despois retirámolo do lume, engadímoslle unha miguiña de sal e aplicámolo pola parte da pulpa sobre da verruga. Colocámolo ben para que se manteña toda a noite. Chegada a mañá retirámo-lo limón e lavamo-la verruga con auga de celidonia (tamén chamada "herba da andoriña"). Durante o día faranse varias veces toques sobre da verruga cun algodón enchoupado en auga de celedonia.

A auga de celidonia prepárase como segue:

· un vaso de auga
· dúas culleres sopeiras de celidonia
· ferver cinco minutos.
· deixar enfriar, despois coar e finalmente untar sobre da verruga.

Repetiranse estas operacións ata que caia a verruga.

Pasatempos

CRUCIGRAMA



HORIZONTAIS.— 1: Máquina fotográfica.— 2: Vara curta e grosa.— 3: Mataba animais bravos.— 4: Punto cardinal. Consoante. Que non ten rabo porque llo cortaron ou por defecto. Cen.— 5: Composicións poéticas. Parte inferior do van dunha porta.— 6: Pelas das patacas e dalgunhas froitas. Conxuntos de chousas de varios donos.— 7: Abala. Sangue dos vexetais.— 8: Tubérculos comestibles. Lóstrego.— 9: Artigo. Aparellos de cálculo primitivos. Dous puntos cardinais.— 10: Aliños, condimentos.— 11: Rezar.— 12: Cociñaron alimentos no seu propio zume.

VERTICÁIS.— 1: Cometón, puñada.— 2: Regalaba.— 3: Pouco custosa.— 4: Cen dúas veces. Curaba. Preposición.— 5: Querer. Quitados.— 6: Mulleres novas, especialmente solteiras. abafa, incomoda moito.— 7: Remato. Magrear.— 8: Mangos para guiar os arados. Líquido nutritivo inxectable.— 9: Artigo. Asolagar. Dous puntos cardinais.— 10: Sentirían, escoitarían.— 11: Mestre da relixión xudía.— 12: Úneos en matrimonio.

Solución:

Xosé Chao Rego

Gústame todo o caseño

A min, que me gusta (e non "gosta", que é portugués) todo o que está feito na casa -o *caseño* ou caseiro, que tanto ten- o outro día tiven un *desgusto* porque me dixeron que o queixo caseño é perigoso por culpa *do* leite, xa que as vacas, se non están debidamente *vacinadas* (é dicir, se non se lles pon a *vacina,* que non "vacuna") poden te-la brucelose, que me pode facer dano, xa que unha vez xa me produciu (e non "produxo") *hepatite,* senón que tamén *a* reuma.

Por certo que o meu *veciño* (seica hai tempo dixemos aquí que se estaba dubidando se normativizaren a forma "viciño") fixo o outro día un pouco de *requeixo* (algúns, imitando a forma castelá, din "requeixón") e *desgusteime* porque non me atrevín a gustalo.

Co meu veciño estiven a mal, pero diso xa hai anos, porque agora xa non somos *inimigos* (forma que se impuxo na normativa sobre a de "enemigos"), senón que disfrutamos (¡non "disfroitamos"!, porque é cultismo) de boa *amizade.* Por iso, nada máis poño o pé na soleira da súa casa, ofréceme un vaso *da* (non "do") auga que deita dun *manancial* que ten a carón dunhas árbores *froiteiras.*

E se vai bo día, subimos (non "rubimos", que isto significa agatuñar) ó sobrado da súa casa e pasamos por un *corredor* (non "pasillo") á solaina e poñémonos a cantar, dispensando, cara ó sol; pero facémolo *soamente* (e non "somentes") despois de que el baixe ó *soto* (non "sótano") e traia un neto de viño e, aínda que me resulta algo acedo, botamos uns grolos. Sobre todo se nos poñemos a xantar e se nos serven de primeiro *prato* carne de *solombo* (non "solomillo"), que lle tira (ou saca) toda *a* acedume ó viño que el mesmo vendima.

O CANTAR DO IRIMEGO

O Goberno anda mosca
por culpa dunha homilía
que mandou ler en Madrid
Anxo o cardeal Suquía.

Era sobre a Lei do Ensino
na que unha gran razón
do conflicto é debido
á clase de relixión.

Son os colexios privados
os que aplauden a homilía:
a maior parte pertencen
ás monxas e clerecía.

Eu creo que a relixión
hai que gardar na memoria
estudiando a asignatura
dentro do eido da historia.

Outra cousa é que na escola
se ensine o catolicismo,
que pra iso está a familia,
a parroquia e catecismo.

Se os bispos tanto desexan
relixión asignatura
que escollan algo mellor
ó profesor señor cura.

Xa pasou o tempo dos cogomelos, ós que parece tan afeccionado o picariño da foto, aprendiz precoz dunha arte que aínda os maiores ignoramos.

Pero nunca pasou o tempo do picariño que ofreza os cogomelos da súa inocencia, dos seus bicos, das súas apretas, da súa esperanza e da súa demanda de amor, sacrificio e coidados.